EXERCICIO DA MATERIA FILOSOFÍA E CIDADANÍA

Detección e análise de falacias lóxicas.
(Unha investigación e aplicación de coñecementos a situacións reais)

Trátase dun pequeno traballo (uns dous folios) de investigación e posterior aplicación de conceptos e coñecementos na vida real. A súa finalidade é a de estimular a aprendizaxe e investigación autónoma, así como a transferencia e aplicación do aprendido a situacións reais. Consta de dúas partes:

1) Recoller información sobre *falacias lóxicas*: Consistirá esta primeira parte do traballo na busca, selección e ordenación de información sobre *falacias lóxicas*. Esta información pode buscarse a través de internet ou doutras fontes (libros, enciclopedias, etc.). As palabras claves para buscar na rede poden ser: falacias lóxicas, ou falacias argumentais (formais ou informais)…. En www.wikipedia e moitas outras páxinas pódese encontrar información abundante.

   Da información obtida seleccionaranse 5 tipos de falacias lóxicas ou argumentais frecuentes, e exporanse por escrito dun xeito claro, empezando pola definición do concepto de falacia e os seus tipos.

2) Aplicar a situacións reais a información adquirida na primeira parte.
   Trátase de observar e analizar discursos, debates, informacións, anuncios, etc., en contextos reais, sobre todo nos medios de comunicación, pero tamén noutras situacións que se poidan vivir, para detectar algunha das falacias estudadas anteriormente.

   Cabe esperar que estas sexan máis frecuentes en discursos que teñen por obxectivo principal persuadir á audiencia, como é o caso da publicidade, os discursos e debates políticos, relixiosos, etc. Non obstante, tamén se poden atopar bos exemplos na forma de presentar informacións, e mesmo en discursos de carácter científico ou pseudocientífico.

   Deberás detectar e analizar, no espazo de 15 días, polo menos dous exemplos de cada unha das 5 falacias seleccionadas, a ser posible de diferentes rexistros comunicativos, e presentalas ordenadamente da seguinte forma:
   a) *Contexto* no que se produce.
   b) *Texto* que conteña a falacia.
   c) *Tipo de falacia* e a súa explicación.
   d) *Obxectivo* ou intención da mesma.
   e) *Valoración* da súa eficacia (a eficacia dunha falacia depende da dificultade para detectala).